

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta minutos do día vinte e un de abril do ano dous mil vinte e cinco, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Don Ricardo Martínez Chantada
Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Dona Javier Tourís Romero, en substitución de Don Jorge Cubela López
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Gorka Gómez Díaz
Don Javier Iglesias Mougán
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidente da Comisión Informativa Don Ricardo Martínez Chantada, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sr. presidente, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 21 de marzo de 2025 (**Exp. 2023057882**).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco.

2. Dar conta da solicitude do Concello de Marín, manifestando o seu interese na adhesión ao "Convenio marco de colaboración entre a Deputación de



Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica". (**Expte nº. 2025021096**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da aprobación do Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia, para a prestación de servizos de administración electrónica". (**Expte nº. 2025009187**).

A Comisión informativa tamén queda enterada desde punto.

4. Dar conta da Resolución Presidencial nº RP2025002250, do 25 de marzo de 2025, pola que se ordena a entrega dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos aos concellos adheridos ao Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, (**Expte. nº 2023059145**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

5. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as dez horas e corenta e tres minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. O PRESIDENTE

